



Ferrol 23.2..2012

ASUNTO. Proxecto subministración enerxética Area Sanitaria e posibles melloras có uso de enerxías renovables.

Estimados Sres/ás:

Saíu a exposición pública no BOE do 7.2.2012 a Resolución do 30 de decembro de 2011, da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, **referente ao anuncio de licitación para a contratación da subministración enerxética prestacional e do servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos, do Hospital Arquitecto Marcide e do Hospital Naval de Ferrol.**

No devandito proxecto, faise especial énfase na renovación de equipos de xeración de enerxía basicamente en incorporación de novas caldeiras a gas e ou gasóleo, máis eficientes, **e non se fai practicamente referencia ao uso de enerxías renovables.**

Na opinión de ADEGA (*Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza*), pensamos que se pode aproveitar esta oportunidade de renovar o sistema enerxético do hospital, para impulsar o uso de enerxías renovables, na liña das actuais directrices galegas, estatáis e da Unión Europea sobre produción e consumo energético, e coas evidentes vantaxes económicas e ambientais

Temos a sorte de que tanto o hospital A. Marcide como o H. Naval dispoñen dunha gran superficie, e que posibilitaría colocar importantes superficies de paneis solares para producir enerxía ou qentar a auga sanitaria, así como as opcións de poñer instalacións de enerxía eólica ou xeotérmica.

En espera que antes de que este proxecto se leve a cabo, se poidan incorporar medidas para promover uso de enerxías renovables, que sería beneficioso tanto dende o punto de vista económico como ambiental o saúda atentamente.

Asdo

Ernesto López Días. *Presidente de ADEGA-Ferrol*
lodergz@gmail.com

Antonio García Jiménez
Ferrol anqaji@yahoo.com

Serxio Perille. *Secretario de ADEGA Ferrol*
serxiocanido@yahoo.es

ADEGA -Delegación de Ferrol-

- Apdo Correos 481; 15480 Ferrol adegatrasancos@adega.info www.adega.info

